

## *Saúda do Alcalde*

Tronan os bombos, soan as aixadas, os Boteiros  
coas súas esquillas repenican. Qué pasa??

Chegou o ENTROIDO


Chegaron os días da diversión, os días da transgresión,  
os días da carne, en definitiva, chegaron os días nos que  
as vianesas e vianeses lles saen os séculos de historia  
que levan nos seus xenes. Volven os esperados días nos  
que aparece con mais forza o orgullo Vianés.

As veciñas e veciños que están fora regresan coa  
chamada das esquillas, e os foráneos non poden resistir  
os sons, a música, a beleza, os sabores e olores de Viana.  
O fulión chama ás portas.

Os problemas desaparecen entre os saltos dos Boteiros,  
espanteados pola forza e o impulso dos bombos e  
as aixadas, entre a farfíña. As nenas e nenos gozan  
da diversión e os adultos compórtanse coma pequenos.

As comidas cheiran a androlla. É o ENTROIDO,  
é a tradición, é o ADN de Viana do Bolo

A GOZAR DO ENTROIDO!!



**ENTROIDO 2019  
VIANA DO BOLO**

Do 21 de febreiro ao 6 de marzo

FESTA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO



**CONCELLO DE  
VIANA DO BOLO**